

Expediente núm.: 1905/2024
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Contratacións
I

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento
397/2024	Solicitud de achega. Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025. AGADER MR701E

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta de contratación do Servizo	23/04/2024	
Providencia de Alcaldía solicitando informe de Intervención	24/04/2024	
Informe de intervención 2024-0076	02/05/2024	
Informe de Secretaría	06/05/2024	
Resolución de Alcaldía	06/05/2024	
Prego prescricións técnicas	04/04/2024	
Prego de cláusulas administrativas	07/05/2024	
Informe-Proposta de Secretaría	07/05/2024	
Informe de fiscalización previa	09/05/2024	
Resolución de Alcaldía	15/05/2024	
Acta de Mesa de Contratación	07/06/2024	
Acta de Mesa de Contratación	26/06/2024	
Informe proposta de Secretaria	27/06/2024	
Informe de fiscalización Fase D	03/07/2024	

Á vista das características do contrato:

Tipo de contrato:	Obras
Subtipo do contrato:	Acondicionamento
Obxecto do contrato:	Mellora e ensanche dos camiños de 1.- Os Fornos- Pesegueiro/2. Escola de Remourelle
Procedemento de contratación:	Aberto simplificado
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	68.359,03 €



Orzamento base de licitación IVE excluído:	68.359,03 €
IVE %:	14.355,40 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	82.714,43 €
Data de inicio do contrato:	Agosto 2024
Data de fin do contrato/Duración do contrato	2 MESES

Lotes:

Dada a tipoloxía das obra que se van contratar, a duración do contrato e a súa entidade económica, non se considera razoable a división en lotes.

Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución/utilización/aproveitamento de maneira separada.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non constitúen unha unidade funcional por si mesmas.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Adjudicar o contrato de Mellora e ensanche dos camiños de Os Fornos Pesegueiro e Escola de Remourelle, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a:

LICITADOR	PREZO	IVE	TOTAL	CLASIFICACION
DESARROLLOS Y METAS,S.L.	66.838,80 €	14.036,15 €	80.874,95 €	1

SEGUNDO. Son características e vantaxes determinantes de que sexan seleccionadas as ofertas presentadas polos citados adjudicatarios con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes:

LICITADOR	PREZO	IVE	TOTAL	CLASIFICACION
CONTRUCCIONES	68.359,00 €	14.355,39 €	82.714,39 €	2



ISIDRO OTERO,S.L.				
DESARROLLOS Y METAS,S.L.	66.838,80 €	14.036,15 €	80.874,95 €	1
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO,S.L.	68.359,03 €	14.355,40 €	82.714,43 €	EMPATE
SEIJO VEIGUELA OBRAS Y SERVICIOS,S.L.	68.359,03 €	14.355,40 €	82.714,43 €	EMPATE

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 80.874,95 euros.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

SEXTO. Designar como responsable do contrato a Luis Menendez Arbesú e como Coordinador de Seguridade e Saúde a NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS, S.L

SÉTIMO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

OITAVO. Notificar a Desenvollos e metas,S.L. , adxudicatario/s do contrato, a presente Resolución e citarlle para a firma do contrato que terá lugar mediante sinatura electrónica no portasinaturas aloxado no seguinte enlace :

https://ribadeo.sedelectronica.gal/?x=o3AOFlokHhrtkTKu8F5j5JYzMeOAE*YjwyXgCJ39wJPxRcW0RCxblkxyfdNsHqri3iFQGtBPYPUEZHKSZRZ3bUDxVncjKsNyIp1r5OMS3p0B8Vg9weevAF0mlf7-Nne4ZiGj00K-LpTY

NOVENO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Acordouno, mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Ribadeo a data da sinatura do que eu Secretario en funcións dou fe.

O ALCALDE,

Asdo.: Daniel Vega Pérez

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Antonio Carro Asorey

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

